



## **CLAUDIO J. CASTRO LAGE**

Alumno da Promoción de 1970

Presentación do encontro de antigos alumnos desta Promoción (11-11-2017)

### Profesores e compañeiros:

Esta convocatoria xurdiu de maneira casual nunha charla de café. Alguén comentou que vira a un compañeiro nalgún lugar logo de anos, que a alguén lle dixeron que fulano estaba en .... E enredámonos. Enredámonos Félix Rico Gómez, químico ilustre, xubilado....., José García Roda, profesor xubilado, e eu mesmo, Claudio J. Castro Lage, profesor xubilado do Instituto Feminino, instituto veciño e amigo agás cando os partidos de fútbol entre profesores na festividade de Santo Tomás de Aquino. Aí, inimigos a morte. Don Ángel sabe do que falo: actualmente non hai partido entre profesores, nin acto académico, nin, na linguaxe da época, “vino español” con profesores e alumnos de tódolos institutos de Lugo.

O primeiro contacto co entón director Don José Pedrouzo, por aquelas cousas da idade alumno meu cando empezaba no oficio, supuxo un cambio. Se a nosa intención era celebrar este acto no mes xuño, fíxonos a suxestión de adialo para o mes de novembro e facelo coincidir cos actos do 175 aniversario, o que aceptamos sen máis.

A localización dos compañeiros era una eiva importante. Partimos dunha lista escrita a man que, de acordo cos requirimentos administrativos da época, figuraba sen enderezos, sen teléfonos.... Comezamos a poñer nomes no Google, en Facebook, buscar en guías de teléfono e, sobre todo, o boca a boca.

Dos 211 compañeiros, localizamos de forma fidedigna a 148, dos que doen 13 falecidos. Empezamos a comunicarnos principalmente por e-mail, e aquí estamos, 47 anos despois, 52 alumnos de entón, varios, desprazados desde fóra de Galicia.

Solucionaron inconvenientes, e moi a última hora incorpóranse dous compañeiros que non figuran na lista de asistentes que está na carpeta entregada. Son José Antonio Folgar Fraga, biólogo, profesor xubilado e sempre amigo, e Félix Moro Fernández, tamén amigo, desde Torrevieja, despois de xestionar a entrada no porto de Alacante dun barco grande como un mundo.

E os profesores. De saída falamos con Don Ángel González Fernández, director do instituto naquel curso. Desde o primeiro momento, todo amabilidade e boa disposición. E preguntando preguntando, contactamos e temos o honor de contar coa presenza de Margarita Carballo Ramos, Graciela Fernández Couso, Alicia García Canto, José Méndez Seijas, ex-director do instituto e, recorden, profesor acompañante naquela excursión a Málaga na Semana Santa de 1970, xunto co profesor Eduardo Sampayo xa falecido. Don Ángel sabía o que facía asignándolles tan ardua tarefa. Un compañeiro díxome hai uns momentos que naquela viaxe viu por primeira vez o mar. Outros tempos. Vimos cousas e, moi importante, volvemos todos.

Tamén están Concepción Nieto Cortón, Benjamín Santín Carballada, todo entusiasmo e colaboración, que vén con sorpresa incluída, e Margarita Zunzunegui Pérez, expresamente desde Vigo. Grazas profesora.

Se a presenza dos dous compañeiros antes citados é unha alegría, tamén hai unha mala noticia: onte mesmo, á última hora, o profesor Xesús Alonso Montero comunicame que non pode asistir por causas familiares de certa gravidade. A súa asistencia estaba comprometida a tal punto que o compañeiro Manuel Rego Fernández, que vén desde Baiona, conviñera con el hora para recollelo no seu domicilio. Díxome que transmitira a todos esta situación e que o sentía. Tamén que trasladara a Don Ángel González o seu pesar por non poder compartir a xornada con el.

E por que o 1969-70? Porque a maioría chegamos a ese curso desde o 1964-65, nun sistema no que tras un Exame de Ingreso e catro cursos do chamado Bacharelato Elemental, logo Reválida de 4º, Título de Bacharel Elemental, logo 5º e 6º de Bacharel Superior, Reválida de 6º e título de Bacharel Superior nese ano 1970. Algúns incorporáronse máis tarde

procedentes do ensino libre ou de centros privados, fundamentalmente Maristas. No 1970-71, dispersámonos, pois algúns cursaron o chamado COU EXPERIMENTAL, primeiro ano de COU, e outros, eu mesmo, PREU, derradeiro ano de PREU. Os de PREU envexamos moito ós de COU, porque compartían espazos coas rapazas, e porque se aprobaban accedían directamente a estudos universitarios. Nós sen rapazas, e coa terrible Proba de Madurez por medio. Así é a vida. No seguinte curso 1971-72, algúns cursamos na vella Escola de Peritos, edificio hoxe desaparecido, o Selectivo de Ciencias. Os primeiros estudantes do que hoxe é o Campus de Lugo da USC. Así se escribe a historia.

Por todas as atencións outorgadas, grazas mil ao profesor Juan Carlos Fernández Naveiro e ao seu equipo, moi especialmente aos aquí presentes: o profesor Manuel Celso Matalobos e a profesora Fernanda Marzo. Todo canto bo poidamos dicir é pouco.

Ao rematar este acto, tras a visita a algunhas dependencias do centro e á exposición, faremos a foto de grupo e sería boa a presenza de todos. A chamada para a foto farémola empregando tecnoloxía de última xeración: a campá do conserxe de entón Sr. Mariñas, toda unha institución no Centro.

Seguen as intervencións do entón alumno e hoxe profesor, Luís Miguel Fernández Fernández e, para rematar, o recordado profesor Ángel González.